

AMADOR MONTENEGRO SAAVEDRA


Fabulas
y Epigramas

1892

Emp. de Xerardo Castro

Cruz, 18, baixo.


LUGO



Omen quivido curig^o irfri-
colo poeta dramateo galu-
s D. Galo Salinas

D. Galo

Fábulas



AMADOR MONTENEGRO SAAVEDRA

Fábulas
y Epigramas

1892

Emp. de Xerardo Castro

Cruz, 18, baixo

LUGO

*É propiedad d'o
autor.*

A.....



Meu querido Petrucca:

Esquirtos pra vosté soilamente foron os traballos que contén iste libriño y-algunhos máis d'a mesma crás, que quedan por agora en carteira e verán a luz c'o tempo, Dios medeante, si teño a sorte de que sexan d' o seu agrado istes.

Motivos sobrorán ã críteca sérea pra marcar defeutos n-o meu libro, que ningunha pretensión leva, e de todos xeitos, ben sei non han faltar zoilos dispostos á falar d'o que non entenden. Respeto ã primeira, des-


précio òs segundos e por uns e outros dáseme ben pouco, qu' eu soilo aspiro á que vostede, ò leras miñas fábulas pol-as noites tras d' o lume, s' acorde d'o seu bon amigo y-admirador antuseasta


Ø Autor

Vigo, Setembro de 1892,

Las fábulas son en ocasiones tan verdaderas como la misma historia.

(MURGUIA.—*Galicia*, pág. 138.)





¡Todos iguales!

«Todos somos iguales, n-haidifréncias
Antr' os altos y-os baixos»,
Dixeron á unha voz en certo pobo
xa fai bastantes anos,

E sin facer distingos, como sona
A frase interpretando,
Os xastres aboliron as mididas,
As probas y-os repasos,

E fixeron vistidos por millares,
Por un patrón quitados,
«Pois agora, dixeron, sin piligro
Podemos ben gardal-os.»

Y-era cousa de ver n-aquel estonces
‘Os probes xorobados
Unhos traxes usar, que lles sobaban
O menos catro palmos;

—
‘Os xigantes, cal hoxe os rapaciños,
C’o calzón recortado,
Y-aqueles ¡miña xoyal dar cen tombos
Sin adiantar un paso,

—
E como a mesma conta os sombreireiros
Qu’ os xastres se votaron
Y-osque fan calzoncillos, puños, cuellos,
camisas e zapatos,

—
Resultou, qu’ anque igoales en teoría,
Tan à vista quedaron
As difréncias, qu’ ô fin todos dixeron:
«A igoaldá é un engano.»

—
*Qu’ é tal o que socede s’ ausolutas
Queremos, sin roparo,
As teorías facer, que teñen sempre
Seus lindes sinalados.*





Os ratos lexisladores

En arregrar pensand' o mundo, un día
Hostra tres centos ratos se reuniron
Detrás d' unha despensa n-a qu' había
Xamón e queixo, qu' eles prontouliron.

O que logo pasou, ben excusado
Será qu' o diga: os ratos esquenceron
Os motivos qu' alí os había xuntado
E d'o queixo e xamón todos comeron.

*¡Qu' estrano é qu' esto pase ós ratos
 (cando
Con outros qu' o non son está pasando?*





O León y-o Peixe

Un fermoso león d'o centro d' África,
De correr o deserto quizáis canso,
D'o mar moi preto á orela
N-unha pena tranquilo recostado,
Cal as ondas n-a praya
Morren, sin duda estaba contemprando.

A vista d' o elemento,
O sin par espeutáculo
D'as ondas axitadas que reventan
Con fureoso bramar contr'os penascos,
Recordarlle deberon
Que d'os bosques él era o soberano
Y-empezou d'este xeito
A falar, contra sí, soilo coidando

Qu' estaba n-aquel sito
E ninguén o escoitaba pol-o tanto:
«N-o mundo ¿quén volverse
Contra mín foi ousado?
Se teño a callentura
E n-o médeo d'o val estonces bramo,
Se ruxo, n-un istante
Tembrar ôs animais todos fago
Y-ante mín ovelliñas
Son as onzas, panteras e leopardos
Y-o zorro moi astuto,
Y-o animoso cabalo,
Y-o lobo carniceiro,
Procraman soberano
A quen, cal eu, d' unha potente raza,
Leva o peito c' o sangue alimentado.
N-hai soilo un animal que non me tema,
Con impéreo ausoluto en todos man-
(do.)»

Escondido antr' as augas
Estivera escoitando
Surrent' e maliceoso
Un peixe estas razós y-o moi villano

Dirixíndos' ô león dille: abofellas
Que me deixa pasmado.
Vostede, meu amigo,
Si pretende, qu' o dudo, qu' ha man-
(darnos

'Os que libres cobixa
D'o gran Neutun' o trasparente manto,
Perdoe que lle diga
Que se leva o gran chasco.»

Fureos' o rei d' as selvas
E de rábea seus ollos alampando,
Sin pensar n-os piligros
E sí tan soil' ô peixe descarado
Castigo en impoñer, pegando un brinco
Avanzou antr' as ondas, mais en vano,
O peixe dende lonxe
Continab' a insultal-o
Y-ô fin, cuase sin forzas,
Sin folgo cuas' e de nadar xa canso,
Antr' as ondas d'o mar deixou a vida
O que d' as selvas era soberano.

Est' é, según eu penso,
A leución que se quita d' este caso:

*N-a casa nosa reises,
N-a chouza d'os demais non-os metamos,
Si, com' o león d'o conto,
Sucumbir non queremos aldraxados.*



O páxaro sedento

D' o vran n-unha tarde ardente,
De sede morto un páxaro,
Con ansedá busc' a y-auga
Cruzand' o val despobrado.

O sol brilant' e sin nubes
Amóstras' aló n-o espáceo,
Deixando n-a terr' á promo
Caer os ardentes rayos;

Mentras as froes muchadas
Tamén sin forza, seus tallos
Hácea o chan buscando a morte
Van pouco á pouco incrinando.

Non ouvean os cadelos,
Non s' oi o chirrio d' os carros.

Nin a campana d' a eirexa
Dice nada ôs bos cristianos


E mentras todo así dorme,
De sede mort' o paxaro,
As âas vate xa sin forza;
Qu' a vida vaino deixando;

Mais de repente precibe
D' unha fontaña o remanso,
Y-aló, máis lonx' escumante
E choutador un regato,

E facendo un novo esforzo,
Sin vida cuas' e sin animos,
Chega e tírase n-o rego
Morrend' ô fin afogado.

¡Ai! cantas veces pensei
Qu' esto é simil d' os peisanos,
Que deixan o chan gallego
Preseguindo un sono vano.


*Que non son sempr' as riquezas,
De conseguil-as n-o caso,
As que nos volven a dicha,
Tras d'as que sempre marchamos.*




Un critico como moitos

Sobr' o lenzo en qu' un pintor
Famoso, soupo fixar
Unha imaxen singular
Ispirada n-o delor,
Un rapaz enredador,
Qu' o deño veñen á ser
Os rapaces ô meu ver,
C'un pincel e un pouco añil
Rayas trazou máis de mil
Votando todo á perder.

*Criticastros com' este hainos á centos,
Deixandos dicir mal xa están contentos*





As dúas estautas.


Sobr' unha torre moi alta
Que por certo fama xá
Tiña de tempo moi vello
En cert' antiga cibdá,
Levantábase, soberba,
D' un famoso xeneral,
Unha estauta qu' alí posta
Deixáran sigros atrás
Os tistigos d' os seus feitos,
Por notabres, sin igoal;
E n-o médeo d' unha praza,
Sobre probe pedestal,
Que non s'alzaba d' o piso
Nin sete cuartas quizáis,
Tamén modesta s' erguía
D' un valente capitán

Outra estauta, si máis probe
Din' afé d' admirar.

Según contan as hestóreas,
De Mayo en certa mañán,
Sin saber por que motivo
Deull' â terra por trembar,
E con ruxido espantoso,
Cal s' o forte vendabal
Tirar todo amenazase,
Ambas estautas ô chan
Viñeron e por capricho
Sin duda que singular,
Quixo a sorte que moi preto,
Y-ô fin, cando a tempestá
S' apracou e como enantes
Volveu a calm' á reinar,
Qu, estaba, vius' a d' a torre
En cen anacos ou máis,
Mentras que tiñ' a d' a praza
De menos soilo unha man.

—
Os qu' están enriba, deben
Esta hestòrea meditar

E ter despois moi en conta
A secuéncea y-é que máis
Ten por forza que mancar-se
Quende máis alto se cae.





O home y-a pranta

«¿Por qué tan mal me tratas?
Soberbo, ¿por qué pisas
A quién o teu sustento
Che ced' e co-él a vida?»
A un home certa pranta
N-un campo lle dicía.
«Por que, reprícall' o home
Con rábea mal contida,
¿Quén eres pra espresarte
De forma tan altiva?
Eu fag' o que me peta:
¿Quizaves hay quen pida
'O rei d' o mundo conta?
Afellas me dá risa
—«¡Xesús! non s' enfurruñe,

Siñor, pol-a súa vida:
Sin nos, lle dixo a pranta,
¿Que fora vosté, diga?
D' a pranta o froito come,
Y-a casa n-a qu' habita,
Y-os muebres con qu' a adorna.
Y-a tea que frabica,
O rei d' o mundo, conte,
¿De donde todo quita?
Sin home pode a pranta
Vivir; mais este axiña
Perece, sin remédeo,
S' a pranta non-o ausílea.
Moito antes qu' o rei-home
As prantas xa vivían.»


*Mediten esta hestórea
Aqueles que n-a cima
D'o honor e d'a riqueza
'Os infereores miran
Cal prantas miserabres,
Que con despreceo tripan.*



A crítica cega

Un infeliz xorobado,
Consol' o probe non tendo
N-a súa disgrácea, vengado
D' outro ser millor formado
Creuse xa bulra facendo.

*Literatos con xoroba,
Crítecos, que, sin concéncea
'O marmular chaman céncea
Vense, a notícea n-é nova,
¡Soltos, con tanta frecóencea!*



As tecras igualitáreas

Certa noite, xa pecho un piano,
Despois d' un concerto,
Empezaron as tecras caladas
Falar d' este xeito:

«Aquí todas xa somos igoales,
Non hai privilexos»
Dend' un lado berraban algunhas
D' agudos acentos.

«Eso á paso, señoras», dicían
Con tono severo,
D'outro extremo unhas poucas: «igoales!
Igoales n-é certo.»

Y-en disputa estiveron un longo
Pedazo de tempo,

En qu' ô cabo puideron poñerse
D' acordo un momento,

E conformes as partes pautaron,
Deixand' o boureo,
D' o pianista o final ou senténcea,
Fiar d' aquel preito,

Y-escoitade d' o fillo d' Apolo,
Notabre mayestro,
A moi sábea, senténcea, que proba
D' o xuéz o talento:

«Todas sodes d' a mesma matérea,
Eso eu non-o nego,
Antre todas formades un piano
Y-é igoal vos' ouxeto;

Sodes todas aquí necesáreas
Y-un muebre incompreto
For' aquel que de todas vosoutras
Tivera unha menos;

Mais si canto vos levo xa dito
Sabedes qu' é certo,

Eu tan soilo pregunto unha cousa:
¿Sonadel-o mesmo?»


*Cal as tecras d'o conto, n-o mundo
'O igoal somos feitos,
D' oso e carne, según dicen moitos,
De polvo, qu' eu penso;*

*Todos, cal o tecrado harmoneoso
D' aquel estromento,
Pra qu' esteña compreto, sen duda
Que falla facemos;*

*¿Mais igoales, cal queren algunhos?
Que collan o metro
E verán com' os unhos son grandes
Y-os outros pequenos;*


*Qu' ensaminen as caras de todos
E digan s' afeito,
Sin qu' exista esceución, somos todos
Bunitos ou feos;*

*Que nos pinchen á todos e vexan
S' é igoal noso xenio.....
Si dous soilos, dous soilos siquera,
Común algo temos.*



O méreto debaixo

Un rapaz n-os seus xogos
Tira n-a y-auga
Un diamante, qu' afonda
Y-un pau, que nada;
Que non é certo
Que sempre ô qu' está enriba
Sosteña o méreto.





As arñas y-os castores

Moi lonxe, aló d'Amérecá n'un bosque
En-o alto d'un carballo xa moi vello,
Facían a súa tea unhas arañas,
Pol-o grandes e feyas sin exemplo.

Un río camiñaba maxestuoso
D'o arbre menceonado non moi lexos,
Y-os autivos castores as súas casas
A facer n-aquel sito se puxeron.

Fundándose as arañas en qu' estaban
Pol-o altas ben seguras, xa sin medo
A ensultar principiaron ôs castores,
Que non lles deron creto;

Mais por medo tomando tamén elas
D'os prudentes castores o silénceo,


As súas forzas xuntando ¡miña xoya!
'Os d' embaixo cansar se propuxeron.

Y-ora polvo votando dend' enriba,
Or' anacos pequenos
De pau, tras unhos días de costáncea
Consiguiron ô fin o seu ouxeto.

Cansados os castores certo día
De sufrir os insultos e malfeitos,
Despóis de discuseón breve acordaron
O carballo tumbar, sin miramentos,

E d'ô albrel-as raíces pouco á pouco,
Antre todos roendo,
O seu plan de castigo conseguiron
'A práctica levar en pouco tempo.

*Os poderes deberan diareamente
Mirarse n'est' espello
Y-ôs pobos non causar, como socede,
Con puliteca incerta e mal exempro.*




Os pés y-a cabeza

O porqué foi ¿quen o sabe?
‘O menos noticia sérea
Non teño; mais certo día
Reñeron pés e cabeza:
«Eu son quen mando, berraba
A segunda, con fachenda,
D’o corpo todos os membros
Préstanm’ homild’ obediencia.»
Movéronse maus e brazos,
Estámago, peito e pernas;
Pro agoantaron caladiños
Os insultos d’ a cabeza,
Quizáis por vella costume,
Quizáis porque máis de cerca
Vendo as cousas, contempraban
As verdades que s’ encerran

N-aquelas palabras, ou
Por xuzgaren con máis céncea,
Mais os pés (os máis humildes
D'os membros qu'o corpo encerra)
Dixeron: «nós dend' agora
Non queremos obedéncea
Prestar á quen de tal xeito
Nos provoca, con que veñan
Sobre nós cantos castigos
Mandar d'aló enriba queiran.»
Y-en efeuto, desproimado
O corpo deu todo en terra,
E mentras que por estaren
D'o chan ambos pés máis cerca
Nada sofriron, en troques
Quedou partid'a cabeza.

Quitar calquera xa pode
D' esta fabul' a secoéncea,
Tendo en conta que causaron
Soil' os pés a ruína enteira
De tod' o corpo, e que foi
A máis mancad' a cabeza.



Os dous galos

Dous galos castizos,
De lindo prumaxe,
De crista encarnada
Y-aposto donaire;
Valentes, altivos,
Sin par vixilantes,
C'as pitas entrambos
N-o ouséqueo incansabres;
Os dous namorados,
Sin duda rivales,
Furecosos un día
Con louco coraxe
Reñeron, y-a causa
Según as comadres,
Foi cal d' eles tiña
Máis fin' o prumaxe,


N'ó rabo e n-as alas
As prumas máis grandes
E non se podendo,
D' un modo amigabre,
Poñerse d' acordo
Firmando unhas paces,
Pra entrambos honrosas,
Pr' os dous aceutabres,
Ouvind' os consellos
De xentes que, infames,
Gozándose viven
D' o alleo c'os males,
D' a cúrea correron
N-as maus á botarse.
Siguius' a pindéncea
Con todos seus trámites,
Y-houbo autos... á centos,
Senténceas... á pares,
Traslados, eusortos,
Compulsas y-ensames,
Por centos non digo,
Por miles, quizaves;
Gastouse de tinta,


Papel de mil crases,
De polvos e sellos,
De fio e máis lacre,
Contal-o ¿quen pode?
Dicil-o ¿quen sabe?

Pasaron os meses,
Dous anos cabales,
Y-en tanto d' os galos
Fermos' o prumaxe
Fuxindo d' o corpo
Lles foi por istantes.
Primeiro de proba
Sirvindo, quizaves,
Unid' ô espidiente
D' as prumas máis grandes
Dúas presas puxeron
Os dous animales,
Pr' o douto abogado
Tamén qu' arrincarse
Tiveron algunhas
Y-ós listos cureales,
D' as alas y-o rabo
Tiveron que darlles

D' as prumas máis finas
Pra que non cansasen,
Y-o rest' os desgustos,
Paseos e viaxes
Ll' as foron d' o corpo
Facendo largarse,
De xeito que cando
Os dous procatarse
Poideron, non tiñan
Con que s' abrigaren
D' o frío unha pruma
Pequena nin grande;
Pro en troque alcanzaron,
De dous trebunales,
Senténcia, que dixo
Por boca d' os graves
E doutos xüeces,
«Qu' entrambos iguales
Razós alegaban
Y-o preito era en valde»
Y-os galos quedaron
Rabeando y-en carnes.

*Q mesmo qu' os galos
Conozo preiteantes,
Qu' ô sin d' a disputa
Deixaron, cal gaxes
D'o oficeo, antr' as garras
D' os listos cureales,
Seus bés, s' é qu' os tiñan
Y-o máis que lles cadre,
Por unha senténcea
Ganar, qu' os decrete
Sin dreito y-os deixe
Despidos u-a calle.*





O home y-a lima

Un valente, que gala
Facer soía
D'a súa forza, empeñado
S' hachaba un día
Y-unha cadea,
Co-as súas própeas tan soilo
Quiría rompel-a.

N-un rincullo tirada,
Cuas' esquencida,
Ferrollent' alcontrábase
Alí unha lima,
Que d' este modo
S' espicou, cando d'o home
Viu os esforzos:

«Si de mín te valeses,
Quizáis axiña
O qu' en vano pretendes
Consiguirías;
Que moitas veces,
O qu' as forzas non poden,
As mañas vencen.»

Mais soberbo y-altivo,
A estas palabras
D' a lim' aquél responde
Con unha marra
Pegando enriba
Tal golpe, qu' o estromento
Todo esnaquiza.

Mais á pouco, a impoténcea
Considerando,
Busc' a lima con ánsea,
Pro busca en vano;
Qu' así socede
'O qu' en temp' oportuno
Desprécea ô debre.



Propòseto á mèdeas, caida segura

N-o escairo de xunt' o lume
Unha noite alá d'o inverno,
En que xeaba, esta hestórea
Ouvinlle contar á un vello:

«N'unh' acaseón e n-un pobo,
Cuyo nome non relembro,
Distante d' aquí mil légoas,
Pouco máis ou pouco menos,
Reinaba un víceo n.oi raro,
E máis que raro inda, feo,
Y-era que, folgand' o lús
Despóis o domingo enteiro,
Cal si día santo non fose,
Traballaban os obreiros.

Foi á aquel pobo á vivir

Un sacerdote moi reuto,
Y-ô ver aquel *maremagnum*,
'O notar tal desconcerto,
A mal tan grave propúxose
Alcontrar pronto romédeo,
E despóis de pradicar,
'O fin logrou convencel-os
E xa despois òs domingos
Non votaban un remendo
Os xastres, nin afiaban
A cuchila os zapateiros;
Mais a pícara costume,
Qu' herdaran xa d'os seus vellos,
Acordaron, n-unha xunta,
Conservar ô mesmo tempo,
E así dous días folgaban,
O mesmo en vran qu'en inverno.

Gozándose n-a súa obra,
De fé y-antuseasmo cheo,
Aquel señor foise uns meses,
—Un ano inda non compreto—
A outras terras; mais estonces
Eles, n-a conta caendo

Qu' era perder n-a somana
En descansar moito tempo,
Acordaron suprimir
Un d'os días e volveron
'As fayenas os domingos,
«Pois o lús... o lús... os vellos
Non traballaban» e cando
'O pobo volveu o crego,
Nonalcontrou tan siquera
Un que gardase o preceuto.
 'O ver perdid' o traballo,
Con novo antuseasmo e celo
Empezou á pradicar
Outra vez, pro d' escarmento
Sirvíndoll' o que pasara,
Dixo: «Fora hábetos vellos:
Gardar moi ben os domingos,
Y-os máis días traballemos,»
Y-unque van algunhos anos
Trascurridos, hoxe mesmo
O domingo non s' escoita
Nin o golpe d' un martelo.
S' hai alguén que me pregunte

¿Ten acaso algún ouxeto
Este conto? Hei responderlle
C'o que me dix' o bon vello:
«De reformar nosa vida
A acaseón aproveitemos;
Mais nunc' á médeas, sinon
D' unha vez e por compreto,
Sin que n-a vida d' atrás
Fixemos o pensamento,
Qu' é, trauxixir c'o pecado,
Piligroso, cando menos.




O sapo y-a cobre

Co-a calma que sabemos
Que gasta sempr' o sapo,
Marchaba un, non recordo,
Xa donde foi nin cando,
Pra donde nin qu' ouxeto
Levaba; mais ô caso:
Mitida, como teñen
Costume, n-un burato
Hachábase unha cobre,
Qu' en son de bulr' amargo
Lle diz á aquél: «Amigo,
Si máis n-apura o paso
Apóstoll' e non perdo,
De séis á sete cartos
Qu' ô fin á donde quere

Chegar, lle leva un ano.

Parouse un instantiño
Y-o corpo revirando
Pra ver á quen falaba,
Contéstall' o ben sapo:
S' é certo, miñ' amiga,
Que sempre vou dispáceo,
Que gasto moita calma,
Que non alter' o paso,
En troques ¿non se fixa
Que nunca vou d' arrastro?

*Si moitos qu' eu conozo,
Y-o nome aquí me calo,
En vez d' ir com' a cobre
Marcharan com' o sapo,
Pregunto eu ¿medrarián,
Cal vemos hoxe, tanto?*



A araña y-o conexo

De certo castiro
N-a pola máis alta,
De presa facía
Súa tea unha araña,
Y-ô pé d' aquel arbre,
A xeito de casa,
Seu tobo un conexo
Tamén frabricaba.

Un día, tan cedo
Qu' apenas a y-alba
Por riba d'os montes
Seu rostro amosaba,
Entrambos viciños
Trabaron palabra:

—O qu' é, bon conexo,
Si ben arreparas,
A d' o alto dicía
Con voz destemprada,
Tan baixo t'alcontras
Como eu estou alta.
Tí fozas n-a terra
Y-a vida qu' arrastras
Non ten d' atrautivos,
Afellas, migalla,
E sempr' antre sustos,
Sin paz e con ánsas,
Non vives tranquilo
Nin unha somana.
Eu teño d' os albres
N-a parte máis alta
A casa, e rispiro
D' as brisas máis sanas,
Os prácidos cheiros
Qu' arrouban ás auras,
Y-as frores d' os campos
Que miro cercanos
Y-ôs homes contemplo,

Qu' en vano s' afanan,
Y-ôs bois que n-o xugo
De cansos abafan,
E riome d' éles
Moi ben recreada,
Pois nada m' importa
Que froitos non haxa,
Que leve as cosechas
O sol ou a xeadá,
A falta de regos
Ou ben sobra d' augas. »

O bon d'o conexo
Qu' ouvira e calara,
Namentras aquel-a
Cal vimos falaba,
As berzas deixando,
Que ledó rumeaba
Tres centas mil moecas
Facendo co-a *carra*,
Poñéndose séreo,
Contéstalle:

— Vaya


Qu' afellas s' esprica,

Siñora madama.

Eu ando, non minte,
D'a parte máis baixa,
Non durmo tranquilo,
Nin teño de calma
Siquera un instante,
Qu' a pel m' ameazan,
D'os homes a argúcea,
D' os cás a dentamia,
Mais noxo non deben
De termo, pois falan
De mín e desexan
Comerme, si cadra;
Y-así vou vivindo,
Pois sei que se pasa
Millor, si conforme
S'está co-a disgrácea.
En troques, vostede,
Si sobe tan alta,
E porque lixando
Vai todo co-a baba
E vive tan soilo
De líos e trampas,

D'o sangue que zuga
'As moscas, qu' incautas,
Voando tropezan
N-as redes que ll' arma.

*Pensando mil veces
N-a hestórea contada,
Compar' ô conexo
D' o conto á esa casta
D' ilotas, d' escravos,
Sin duda de PARIAS,
Que levan às costas
D' o Estadol-as cargas;
Y-en troques, afellas,
Parezme qu' a araña
A certas presoas
Qu' eu calo, ritrata,
Que s' altas se poñen,
Si viven moi altas,
É soilo lixando
C'o cuspe d' a infámea
Y-o honor y-o decoro
Vendendo co-a y-alma,*






Adornos vanos

D'Abril unha mañán, sobr'unha rosa
Brilaba de resín pelra fermosa.
A fror ¡que linda estaba!
O pudor súas folliñas sonrosaba
E d'a brisa lixeira
'O compás e co-a gráceca d'a palmeira,
Maneábas' argullosa soavemente
Agardando qu' o sol resprandecente
Súa corola bañase
E n-a pelra o fulgor reverberase;
Mais a pinga xuntando
Os rayos, foi as follas requeimando
Y-a fror antes fermosa, xa muchada,
Antr' o polvo quedouse sepultada.
S' adornado s' houbera

A fror c'ó seu aroma e non quixera
Outro adorno locir que ll'era estrano,
Houbéras' evitad' o desengano.

*N-este mundo ; Dios santo!
Cantas son as que lixan seu encanto,
'O cheiro d'as vertudes presirindo
Adornos d'os qu' aquelas van fuxindo.*



61


Mala elección


Por non sei que artes
Certo rapaz,
N-unha despensa
Consigu' entrar
E rebuscando
Con ansedá
Algunha cousa
Qu' ôs dentes dar,
Un saquetiño
Consigu' hachar,
N-o que mezcrados,
¡Filicidad!
Noces maduras
Y-almendras hai;
E, por suposto,

Metendo a man,
Unha presada
Logra pillar.
Primeiro as nocas
Quere probar
Y-unha por unha
Rompéndoas vai,
E com' a cousa
Pesada fan
As duras cascás
Ter que crebar,
Tirando as nocas,
Con louco afán
Vaise ás almendras
O bon rapaz;
Pro cand' azucre
Disolto xa
Deixou a almendra
Soila, entón ¡ai!
Tras d'a dozura
Veu o amargar.

Por ises mundos

Oyo chamar
Sábeos á moitos
Que co-a verdá
Fixeron éles
O qu' o rapaz.





As maus y-a boca

Contan qu' en Roma unha vez
A pacéncia xa moi cansa
E d' os patriceos soberbos
Por non sofiir a arrogáncia,
Marchous' o pob' ó *Aventino*
Abandonando as súas casas.
Despóis de mil conferéncias
E infrutuosas embaixadas,
D' arregrar aquel confriuto
Pirdida xa toda espranza,
Pois s' en Roma non cedían
A prebe máis s' oustinaba,
Mandous' alá un maxistrado
De persoasiva palabra,
Inxeneoso y-en quen posta
Tiñan todos a confianza.

Tant' o pobo, que pidía,
Como Roma, que negaba
E dirixíndos' á aquelas
Xa cuase incrédulas masas,
Tras un esórdeo brillante
Recitoules esta fábula:


«Houbo un tempo, cibdadanos,
De revoltas y-argalladas
En que dixeron as maus:
—Non queremos ser escravas.
Dend' agora independentes
Programémonos e vaya
Arregrândos' a boquiña
Com' éla poid' as viandas;
Mais d' aquela negativa
Horas quizáis non pasaran,
Cando xa debres as maus
Non podían facer nada,
Hastra que n-a conta ô fin
Caeron as disgraceadas,
De que todo n-este mundo
En orde prefeuto s' hacha

E pol-o tanto que s' elas
Hastr' a boca non levaban
Os alimentos, preciso
Era espiar aquela falta
Risinádos' á morrer
Sin alíveo nin esperanza.
A Cibdá deixastes, Roma,
A Roma nunca homildada,
Co-a súa vida vos' auséncia
Pagará sin duda cara;
Pro vosoutros ¡hácea donde
Habedes ir, desdichada
Grei, en qu' os remordementos
N-atormenten vosas almas?»

Compredeu con est' o pobo
A leución que s' encerraba
N-a ô parecer tan xinxela,
Pro inxeneosísima fábula,
E baixando d'ô *Aventino*
Traspux' ô fin as murallas
D'a Cibdade, que pra sempre
Momentos antes deixara.

*Nunca tivo aquel discurso
Apricaceón máis esauta,
Porque, si como pretenden,
Partidáreos d' insensatas
Doutrinas, independentes
As crases se procamaran,
Si cada un pr^a o seu lado
Sin miramentos turrara.....
As maus y-a boca contesten:
N-a socedá ¿que pasara?...*

Epigramas



1 (I),

Si foi ou non con talento,
Qu' eso craro non-o vexo,
Ellas, qu' era tatexo,
Entrou n'un *preunneamento*;
Salíu mal c'o seu intento,
Pol-o que, non sin verdá,
Dix' o Abade de Cotá,
E dixo á todos á feito:
—Tiña que perder o preito,
¿Si non sabe preunneear!

II.

¡Que milagre paseándos' estas horas!
¿Esquenceuse d'a audéncia, D. Patríceo,
Preguntaron á un xuez unhas siñoras,
'O qu' él lles contestou: *non teño xuíceo.*

III.

Moi amigo d' abreviar
Un D. Xan Salvá García,
Despóis d'o seu nom' enteiro
Pon *Salvá G.* cando firma.

IV.

Fai algún tempo en Lugo dous *gomosos*,
Non sei porque custeós de pouca mon-
(ta,
«Hácea o campo d' o honor vamos»,
(dixeron,
Y-aquel campo d' o honor foi... o *d'a*
(*Forca* (1)

V.

Según contan é Mariano
Calrista com' o que máis,
Y-o contráreo o bon de Bráis
Un feroz republicano,
Por eso cando s' alritan
Din os dous con arrogáncia:

(1) Iste nome lev' aquel en qu' algún tem po-
s' aforcaba ós réos,

«Estamos á gran distáncia»
E n-a mesma cas' habitan.

VI.


'O siñor D. Xan Boutista,
Bon abogado; pro cego,
Preguntaba onte un labrego
Que ll' iba seguindo a pista:
—Siñor, ¿teño a custeón lista?
'O qu' él moi grave contesta:
—Hom' en valde se molesta;
Deix' o seu tempo correr
Que n' adianta con moler,
Mañán terei ô fin *vista*.


VII.

Mitida n-un ataud,
Antre pranguidos e canto,
A certa Doña Salú,
Siñora de gran vertú,
Levaban ô Campo-Santo.

Y-o viudo, que choraba,
Anqu' â morta non sintia,
¡Por Salú todo eu o daba!
Vertendo bágoas dicia,
Y-era qu' enfermo s' hachaba.








ÍNDECE


PÁXINAS.


CARTA-PRÓLOGO.	5
¡Todos iguales!	9
Os ratos lexisladores.	11
O león y-o peixe	13
O páxaro sedento.	17
Un crítico como moitos.	19
As dúas estautas.	21
O home y-a pranta.	25
A crítica cega.	27
As tecras igualitáreas.	28
O méreto debaixo.	33
As arañas y-os castores.	35
Os pés y-a cabeza.	37
Os dous galos.	39
O home y-a lima.	45
Propóseto á médeas.	47
O sapo y-a cobre.	51

A araña y-o conexo.	53
Adornos vanos.	59
Mala eleución.	61
As maus y-a boca.	65
ÉPIGRAMAS.	71









FÁBULAS Y-EPIGRAMAS

Háchase de venta n-a casa d' o au-
tor, Placer, 12, Vigo, e n-as principais
librerías, ô preço de

UNHA PESETA

'OBRAS D' O AUTOR

próusimas á publicarse

MUSICAS E FOLEPAS, versos ga-
llegos.

CONTOS D' O MEU PAÍS, recollidos
d' o pobo.

REAL ACADEMIA
GALEGA

A CORUÑA

F14415

Biblioteca